

UNIDADE DIDÁCTICA: PHOTOGRAPHY	
NIVEL: 6º de Primaria	TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións
MATERIA: Plástica	CENTRO: CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral
MATERIAIS: <ul style="list-style-type: none"> - Cámaras fotográficas do centro e as que queira traer o alumnado. - Trípodes do centro e os que queira traer o alumnado. - Material informático: Equipos Abalar, cámara de vídeo, escáner... - Aula Virtual do centro e acceso ao Curso Virtual “Arts”. 	
COMPETENCIAS CLAVE: Comunicación lingüística, dixital, aprender a aprender, sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais	
OBXECTIVOS (non lingüísticos e lingüísticos):	
<u>Non lingüísticos:</u> <p>Habilidades de pensamento de orde inferior</p> <p>Coñecer os recursos audiovisuais para utilizar nas súas creacións.</p> <p>Utilizar os recursos coñecidos na elaboración das súas propias obras artísticas.</p> <p>Coñecer os aspectos básicos da fotografía así como as súas posibilidades comunicativas, artísticas e expresivas.</p> <p>Coñecer utilidades básicas de edición de imaxe.</p> <p>Habilidades de pensamento de orde superior</p> <p>Elaborar un cartel utilizando recursos dixitais cunha intencionalidade expresiva e artística.</p> <p>Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a edición e difusión do seu traballo.</p> <p>Experimentar cos conceptos aprendidos anteriormente.</p> <p>Revisar as súas composicións buscando aspectos para mellorar e telos en conta en obras seguintes.</p>	

Elaborar críticas dende un punto de vista técnico, artístico e expresivo de obras propias e alleas.

Lingüísticos:

LINGUA DE APRENDIZAXE

Coñecer o vocabulario relacionado coa fotografía: toma, plano, encadre, enfoque, horizontalidade, perspectiva...

Utilizar estruturas para expresar opinións: in my opinion, I think...

Utilizar estruturas para analizar as obras dende un punto de vista técnico, artístico e expresivo: she felt... so she..., they wanted to express... so they used..., etc.

LINGUA PARA A APRENDIZAXE

Expresar acordo e desacordo.

Escribir o contido dun cartel.

LINGUA A TRAVÉS DA APRENDIZAXE

Presentar o seu cartel aos compañeiros, reseñando aspectos técnicos e expresivos.

Construír un glosario de termos relacionados utilizando o dicionario.

Emitir opinións en canto a aspectos técnicos, artísticos e expresivos dos carteis.

CONTIDOS:

As posibilidades creativas e expresivas dos diferentes materiais e recursos audiovisuais.

A observación e análise sistemática dos aspectos técnicos, artísticos e expresivos de obras propias e alleas.

A fotografía. Aspectos técnicos: encadre, perspectiva, plano, horizontalidade, retrato, paisaxe, movemento...

Os carteis: elementos básicos, texto e imaxe, intención comunicativa.

As tecnoloxías da información e da comunicación como elemento para a busca, creación e difusión de obras artísticas.

As licenzas dos materiais audiovisuais (Creative Commons, Copyright) e a correcta

referenciación dos materiais utilizados.

Elementos básicos dunha cámara fotográfica e edición básica de imaxes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

CONTIDO

Sérvese da cámara fotográfica axeitadamente para conseguir as tomas desexadas.

Utiliza correctamente os elementos dunha fotografía.

Elabora un cartel organizado, claro e atractivo visualmente utilizando a edición de imaxes.

COGNICIÓN

Sérvese dos recursos audiovisuais dispoñibles e utilízaos para representar o contido que está a traballar.

Combina diferentes elementos de diferentes maneiras para obter un resultado orixinal.

Xoga cos tamaños, formas e espazos para aportar dinamismo e orixinalidade.

COMUNICACIÓN

Analiza e valora as fotografías dende un punto de vista técnico.

Explica aos compañeiros o contido do seu cartel.

CULTURA/CONTEXTO

Relaciona o cartel con algún elemento da súa contorna cultural.

TAREFAS POR SESIÓN PARTE 1 (Traballarán en parellas):

1ª Sesión: Consulta do material teórico e achegamento ás cámaras fotográficas.

Realización das primeiras fotografías na aula para familiarizarse co seu uso.

2ª Sesión: Fotografía no centro e no exterior, coa posibilidade de saír á contorna.

3ª Sesión. Tarefa final 1: Presentación dunha escolma de 5 fotografías por parella e consellos de mellora por parte dos compañeiros.

TAREFAS POR SESIÓN PARTE 2 (Traballarán en parellas):

1ª Sesión: Procura de imaxes na web para elaborar un cartel con motivo dunha celebración escolar (Día de Rosalía, Letras Galegas, Entroido, Día da Paz....) e toma de

fotografías propias.

2ª Sesión: Elaboración dun bosquexo para o seu cartel no que se inclúan imaxes e texto.

3ª Sesión. Tarefa final 2: Elaboración do cartel con axuda dun editor de imaxes (Gimp).

4ª Sesión: Presentación do cartel aos compañeiros e publicación na web.

ESTADAXE:

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Traballo en equipo, apoio entre iguais e distribución de tarefas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Avaliación das tarefas:

- Modelo de observación directa. 20% da cualificación final.
- Diario de desenvolvemento das tarefas: 10% da cualificación final.

Avaliación da tarefa final: Rúbrica. 70% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e avaliar o traballo dos compañeiros. Ademais, na rúbrica haberá dous apartados en branco nos que eles mesmos valorarán aspectos importantes do seu traballo.